

# OS TESOUROS XEOLÓXICOS

As montañas galegas acollen unha gran variedade de mostras de interese xeolóxico, froito da diversidade da súa composición e situación e dos acontecementos sucedidos ao longo dos millóns de anos de historia.



**Serpentinas na Capelada.** A antigüidade e a composición destas rochas atraen a estudosos da xeoloxía de todo o mundo.



**Ollode sapo.** Unha curiosa rocha metamórfica na que destacan os grosos cristais de cuarzo e feldespato que lle dan o nome galego co que é coñecida en todo o mundo. Atópase nunha estreita faixa que atravesa Galiza desde Estaca de Bares ata Pena Trevinca.



**Penedo de Murias** na Serra do Brañal, nos Ancares. As cuarcitas, pola súa resistencia á erosión coroan moitas serras do interior de Galiza. En moitos lugares coñécense co nome de Lastras.



**Pregue de Campodola.** O Courel. A máis grande coñecida testemuña do proceso de construción e deformación das montañas galegas.



**Cova da Fonte** en Santalla, na serra do Oribio. As rochas calcáreas, escasas en Galiza, son facilmente erosionables pola auga que forma nelas ocas e covas. Podemos atopar estas formacións no Courel, Mondoñedo e Enciña da Lastra.




Val glacial do Xares, que nace na lagoa da Serpe, tamén de orixe glacial, ao pé de Pena Trevinca.




As glaciacións do Cuaternario deixaron numerosas pegadas nas serras galegas máis altas: Trevinca, Macizo Central, Xurés, Ancares, Courel. Ao desaparecer o xeo quedan vales en forma de U, rochas traballadas polo xeo e depósitos de materiais que o glaciar arrastraba (morrenas) en distintos puntos do seu percorrido.

Lagoa de Lucenza no Courel, de orixe glacial.



Morrena de Piornedo.




**Faro de Budiño.** Porriño

As rochas graníticas aparecen na superficie formando grandes bloques, penedos, bolos, castelos, penas do equilibrio, penas cabaleiras...

Adela Leiro  
Mon Daporta



Pena dos Tres Pés. Serra do Forgoso.



Penedos de Traba.